



/ O que fixemos... / Actuación da Tourné Teatro Tanxedoira Rondalla Tanxedoira na residencia de anciáns de Sanitas

Durante este curso, ao igual que en anteriores ocasións, o noso Grupo de Teatro enfrontábase á ardua tarefa de sacar adiante dúas obras de teatro afeccionado. Coa dificultade engadida de que, este verán, terían que representar unha delas no maxestoso, e imponente, Teatro Colón.

A troupe de Tanxedoira sacou pouta e facendo gala da súa profesionalidade paseou as súas obras por escenarios como o Forum Metropolitano, grazas ao ciclo de teatro *Hogueras de San Juan*, onde representaron a comedia "Mi Mujer es el Fontanero". Semanas máis tarde, facían dobre no *XVIII Certame Candilejas Don Bosco de Calvo Sotelo*, representando nunha mesma tarde "Mi Mujer es el Fontanero" e "Usted Puede Ser un Asesino", obra que o pasado xullo levarían ás táboas do Teatro Colón. En cada escenario, o grupo de teatro Tanxedoira arrincaba aplausos e gargalladas a partes iguais de entre o público e notas de cariño e recoñecemento da prensa local. Así se preparaba este grupo de teatro afeccionado para o seu gran salto e posterior conquista das táboas do Teatro Colón, botando o resto en cada representación. Facendo parecer doado o difícil e sobre todo, gozando desta grande afección pola cultura. 📌

AC Tanxedoira



O pasado sábado 16 de maio Tanxedoira voltou actuar na residencia de anciáns de Sanitas, máis esta vez non co Coro, se non coa Rondalla. A actuación comezou ás 17:30h, xa todos os velliños estaban sentados desexando escoitar as nosas pezas, durante as cales se lles vía desfrutar cantaruxando e movéndose ao ritmo da música. Cando rematamos, para celebralo, convidaronnos a uns petiscos, como xa é costume, reflexando así o seu agradecemento. Nós, sempre contentos de facer disfrutar á xente, amenizamos esta tarde de sábado da mellor forma posible, mediante a música. Eu sólo espero que voltemos moi pronto e que sigamos desfrutando, tanto eles coma nós, en cada actuación, como xa vimos facendo ata agora 📌

Sara Barbeito Silvestre



Comida dos Grupos Artísticos



Coro Tanxedoira – Festival Fin de Curso

Sardiñada 2015



O pasado domingo día 31 de Maio, os tanxedeiros celebramos a comida dos grupos artísticos no restaurante "A Gurita" en Paderne. Comemos churrasquiño e os nenos e nenas encargámonos de vender as rifas e sortear os regalos, foi divertidísimo. E como non podía ser doutro xeito, acabamos cantando e bailando...esa foi a miña parte favorita! Aínda que chovía os nenos acabamos xogando fóra debaixo dunha parra e collemos caracois. Estou desexando que os maiores organicen outra comida de Tanxedoira 📌

Nuria Conde García

Festival Fin de Curso

Como cada ano a Asociación Cultural Tanxedoira celebraba o seu Festival Fin de curso o pasado mes de xuño. Neste evento, os alumnos dos diferentes grupos artísticos (Coro, Rondalla, Teatro, Guitarra, Fruta, Impro...) puxeron en marcha un recital musical e teatral para os asistentes que deron boa conta desta tarde de música e gargalladas. Este ano, o Festival, presentado polo cómico e monologuista Ourensán Tito Rober, celebrábase no Centro Cívico Mesoiro, que malia quedar algo lonxe do noso barrio puido colgar o cartel de cheo absoluto xa que a gran familia Tanxedoira apostou unha vez máis por nós, brindándonos a súa inestimable compañía 📌

AC Tanxedoira

O día 27 de xuño celebramos a tradicional sardiñada de Tanxedoira.

Un nutrido grupo de tanxedeiros, tanxedeiras e tanxedeiriñ@s, reunímonos para degustar unhas saborosas sardiñas con cachelos, cocinados con esmero por Tino, David e Noemí.... O tempo deunos unha tregua, co que o disfrute foi total.

Boa comida, boa compañía, unhas nubes á grella, idea de Sofilove que estaban deliciosas! Que máis se pode pedir!... que a vella do bastón nos deixe tranquilos, ha, ha, ha...

En fin, é unha marabilla contar convosco, compañeiros, sempre estamos a gusto, contentos e alegres na vosa compañía. E se non vos gustan as sardiñas, esa non é escusa, xa que o tempo que compartimos nestes acontecementos, sobre todo, alimentan o espírito.

Esta foi a nosa primeira sardiñada Tanxedoira, pero seguro que haberá moitas máis.

PD: Durante a Sardiñada tamén tivo lugar o Campionato de Ping Pong, resultando gañador o pequeno Julián Seijas 📌

Leticia Amor Candamio

Asalto ó castelo (Vimianzo)




O pasado 4 de Xullo os compoñentes do coro Tanxedoira xunto con algún compoñente da Rondalla, tivemos a oportunidade de participar na festa do "Asalto ao castelo" de Vimianzo.

Saimos pola mañá no bus guapísimos coas nosas camisetas novas. Pola mañá, en Vimianzo puidemos participar nos talleres da festa: fixemos un escudo, pintamos unha espada, fixemos pulseiras, trenzamos o pelo con flores... Ao mediodía a nosa guía da festa nos levou a facer cantos de taberna polos bares da vila e disfrutamos moito vendo a xente cantando con nós.

Atopamos un sátiro que brincaba e berraba: "Vivan os taberneiros e taberneiras!" Era moi divertido, aínda que a Nuria e a Martín nos lles fixo moita gracia (hehehe).

Pola tarde fixemos unha visita ao castelo e tivemos a oportunidade preciosa de cantar no castelo de Vimianzo! Cantos medievais, tradicionais... e rematamos coa nosa canción do verán: Bailando, de Enrique Iglesias.

Encantounos cantar no castelo, foi moi emocionante.

Esperamos repetir o ano que vén 


Entre pedras e augas

Malia que o día era incerto en canto á súa climatoloxía, os asistentes a esta excursión de fin de curso presentáronse ao pé do autobús con ganas de vivir novas experiencias culturais e de ocio. E que mellor forma de comezala que cunha primeira parada na casa do Rei das Tartas, en Mondoñedo, onde os cafés e a boiería diversa achegarían as forzas necesarias, tanto aos "pequechos" como aos xa "adolescentes".

A primeira visita foi á máis antiga das catedrais románicas conservadas en España, o templo de San Martiño de Mondoñedo, cuxos inicios datan do século VI. As milimétricas explicacións dunha das súas guías lograron que todos os presentes se internasen en cada unha das esculturas e pinturas do interior e exterior do mesmo. Ah!, e o que máis e o que menos se pasou pola fonte do zapatazo para beber as súas augas e, así, asegurarse o benestar para as súas pernas... Ben, iso di a lenda. De novo no autobús, e a través de maravillosas paisaxes, os excursionistas puideron chegar ao conxunto de acantilados que, esculpido polo vento e o mar, forman a praia das Catedrais. Impresionante!!! E non só a divisaron, senón que pisaron a súa branca area e camiñaron entre as súas paredes de máis de trinta metros de altura e, os máis cativos, puideron mollarse nas súas cristalinas augas, o que provocou o lóxico cansazo e a apertura dun merecido xantar.

Serpeando á inversa o camiño, o casco vello de Mondoñedo (conxunto histórico-artístico dende 1985), foi o elixido para dar boa conta da diversidade de produtos culinarios, tanto de elaboración propia coma dos típicos do lugar, deixando o café e os xeados para ser degustados na súa praza central, á vez que (ao igual que o fíxese Cunqueiro no seu tempo) contemplaban a súa catedral, monumento que data do século XIII.

Tras un pequeno percorrido pola vila, o asentamento costeiro do castro de Fazouro, nas proximidades de Foz, foi o seguinte punto de interese a visitar. Moito poderían falar as súas pedras (eu sí creo que as pedras falan) de tanta historia alí acumulada, xa que se estima a súa colocación entre os séculos I e III d. C.

E, ante tanto ámbito natural, non podía faltar o final clásico dunha excursión de verán: un anaco de sol e praia. O areal branco de Arealonga, con moderada ondada e encadrado entre o Castro de Fazouro e os acantilados de Mosteiro, serviu de marco e punto final para este encontro cultural e de ocio que tan ben foi levado polos seus organizadores. Non se pode pedir máis... Ben, sí... que non cesen estes encontros 

Luis Landín

Sara Conde García



Vistas Praia de Area Longa - Fazouro

/ A destacar.../

Axenda

14-15 setembro

Preinscricións actividades - Lugar: Local Tanxedoira - 18:30h-20:00h

18 setembro

Publicación da listaxe de admitidos nas actividades - Lugar: Local Tanxedoira

21 setembro

Comezo de curso

24 outubro

Comida Inicio de Curso - Lugar: Local Tanxedoira - 14:00h

31 outubro

Festa Samaín - Lugar: Local Tanxedoira - 17:30h

Actuación na Feria Medieval da cidade da Coruña



Participar neste VII Encontro de Música Medieval organizado polos nosos amigos da Coral Polifónica Canticorum foi unha experiencia inesquecible.

Vivín un dos momentos máis intensos; a música para min significa moito e tocar aquí nun escenario tan fermoso como é a Igrexa de Santiago, neste evento da Feira das Marabillas, nun día tan especial e significativo para todos nós éncheme de alegría.

Agradezo aos integrantes da Rondalla Tanxedoira a oportunidade que me brindastes 🙏

Marcos Pena Acosta

/ Non perdas.../

Lotería:

Xa podeades recoller os vosos décimos de lotería AC Tanxedoira na Administración do Carrefour de Alfonso Molina, de luns a sábado dentro do seu horario de apertura, ou no noso local social, a partir do comezo de curso, os venres en horario de 19:30h a 22:00h. Número: 88489

Moita sorte!!!

Actividades novo curso:

LABORES, BANDURRA, INFORMÁTICA BÁSICA, PINTURA, IMPROVISACIÓN TEATRAL, TEATRO, BOLILLOS, CORO, BAILES DE SALÓN, FRAUTA, FÚTBOL SALA, GUITARRA E RONDALLA.

Datas de inscrición:

Os próximos 14-15 de setembro, de 18:30 a 20:00, terán lugar as quendas de inscrición para as actividades programadas neste novo curso en Tanxedoira. Os novos socios deberán traer o número de conta bancaria e una foto carnet para adxuntar á Alta de Socio e facela efectiva. As inscricións, serán, coma cada curso, no noso local social (Rúa Azahar 6-8 baixo). Máis información en <http://www.tanxedoira.org>